

SESIÓN ORDINARIA DIA 20 DE ABRIL DE 2016

SEÑORES ASISTENTES:

Presidente:

D. Juan Alonso Tembrás

Concelleiros:

D. Victor Anidos Vilaboy

D. Jesús Fernández Formoso

D. José López Sachocos

D. Juan Carlos López Tembrás

D^a M^a Azucena Otero Pena

D^a M^a Beatriz Martínez López

D^a Maria Carmen Criado Bello

Secretario:

D. Arturo A. Blanco Veloso.

No salón de sesións da Casa do Concello de As Somozas, ás trece horas do día 20 de abril de 2016 baixo a Presidencia do Alcalde , Sr. D. Juan Alonso Tembrás, asistido do Secretario, D. Arturo Andrés Blanco Veloso concurriron previa citación en forma os concelleiros que á marxe se relacionan, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para esta data.-

Iº.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Reúnese a Corporación en primeira convocatoria e de conformidade co establecido no artigo 91 do Regulamento das Entidades Locais, pola Presidencia pregúntase se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión anterior, que tivo lugar o 28 de marzo de 2016. É aprobada por unanimidade e sen modificacións, o non formularse ningunha observación nin reparo.

Non asiste D. Francisco Sueiras Dopico, quen xustificou a súa ausencia.

IIº.- APROBACIÓN DOS MARCOS ORZAMENTARIOS NOS QUE SE ENMARCARÁ A ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS NO PERÍODO 2017-2019.--

Por Secretaria - Intervención dase conta da Orde do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de 1 de outubro que desenvolve a obriga de suministro de información prevista na Lei Organica 2/2012 do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria, que establece no seu artigo 6 a obriga de remitir información sobre os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos das Entidades Locais, e concretamente ao referente o período 2017-2019.

A Corporación dase por enterada e por unanimidade acorda prestar aprobación os /datos de previsión económica de ingresos e gastos para os exercicios 2017-2019 e a súa remisión por vía telemática.-

IIIº.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2015.--

Dase conta, de conformidade co art. 191.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TR LRHL), en concordancia co art. 90.1 do Real Decreto 500/90, polo que se desenvolve o Capítulo VI da Lei anteriormente citada, da Resolución da Alcaldía de data, aprobatoria da Liquidación do Orzamento Municipal de 2015 que presenta o seguinte resultado:

"Confeccionada a liquidación de Gastos e Ingresos do Presuposto Municipal deste Concello correspondente ao exercicio de 2015, e de conformidade co artigo 191.3 do



Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral de 2015, co seguinte detalle:

- A) O resultado presupostario ascende a **-664.629,68** euros
- B) O Remanente Líquido de Tesourería ascende a **2.013.914,06** euros.

SEGUNDO. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO. Ordenar a remisión de copia de dita Liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma, antes de concluír o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda."

A Corporación dase por enterada.

IVº.-POÑER A DISPOSICIÓN DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUCTURA E VIVENDA OS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: APARCADOIRO NO PQ 10+980 DA AC- 110 EN AS SOMOZAS.- Redactado pola Axencia Galega de Infraestructuras da Consellería de Infraestructura e Vivenda o proxecto denominado: APARCADOIRO NO PQ 10+980 DA AC-110 EN AS SOMOZAS, e solicitada a posta a disposición dos terreos necesarios para a súa execución. A Corporación por unanimidade acorda:

1º. Poñer a disposición da Consellería de Infraestructuras e Vivenda (Axencia Galega de Infraestructuras) os terreos necesarios para a execución do proxecto denominado: "APARCADOIRO NO PQ 10+980 DA AC-110 EN AS SOMOZAS"

2º.-Notificar o presente acordo a devandita Consellería de Infraestructuras e Vivenda.

Vº.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO 4º TRIMESTRE DE 2015.- Dase conta das Resolucións da Alcaldía do cuarto trimestre de 2015.

A Coporación dase por enterada.

VIº.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO PROXECTO "ALUMEADO PÚBLICO ENTRE OS LUGARES DE LAMEIRA E A TOCA", COAS



MODIFICACIÓNS ESTABLECIDAS NO PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS QUE SE UNEN O MESMO.-Dase conta da Resolución da Alcaldía de data 08/04/2016 pola que se prestaba aprobación as modificacións establecidas no prego de prescripcioes técnicas que se unen o proxecto "ALUMEADO PÚBLICO ENTRE OS LUGARES DE LAMEIRA E A TOCA".

A Corporación, dase por enterada e por unanimidade, acorda:

1º. Ratificar a Resolución da Alcaldía de data 08/04/2016 que copiada literalmente dí:
"Prestar aprobación ó proxecto " ALUMEADO PÚBLICO ENTRE O S LUGARES DE LAMEIRA E A TOCA", coas modificacións establecidas no prego de prescripcións técnicas que se unen ao mesmo".

VIIº.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 18/03/2016 DESIGNANDO A DOÑA BEATRIZ MARTÍNEZ LÓPEZ PARA DESEMPEÑAR O CARGO DE CONCELEIRA DE CULTURA E DEPORTES EN RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL. Dase conta da Resolución da Alcaldía de data 18/03/2016, que copiada literalmente dí:

"Á vista do acordo do Pleno do día 14/03/2016, polo que se aproba a relación de cargos que se deben desempeñar en réxime de dedicación parcial, se recoñecen os seus dereitos económicos e se fixan as retribucións que lles corresponden,

RESOLVO

PRIMEIRO. Designar a Doña Beatriz Martínez López para desempeñar o cargo de CONCELEIRA DE CULTURA E DEPORTES en réxime de dedicación parcial, coas retribucións acordadas polo Pleno

SEGUNDO. Que se formalice coas persoa designada o correspondente contrato e que se lles dea de alta no réxime xeral da Seguridade Social, conforme o artigo 75.1 e 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

TERCEIRO. Que se lle notifique esta resolución ao interesado para os efectos da súa aceptación expresa.

CUARTO. Que se lle comunique isto ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria, de acordo co artigo 13.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

QUINTO. Que se publique no *Boletín Oficial da Provincia*, de forma íntegra, esta resolución, para o seu xeral coñecemento, dada a súa transcendencia.”

A Corporación dase por enterada.

**VIIIº.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE DATA 15/04/216
ORDENANDO A ASUNCIÓN DAS FUNCIÓNS DE CARGO DE TESOUREIRO
POLO SECRETARIO - INTERVENTOR DO CONCELLO DE AS SOMOZAS.-** Dase

conta da Resolución da Alcaldía de data 15/04/2016, que copiada literalmente dí:

“Visto o artigo 3 do Real Decreto - Lei 10/2015, de 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no Orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía, o cal modifica o apartado 2 do artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local, nos seguintes termos:

“A escala de funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional se subdivide nas seguintes subescalas:

a.- Secretaría, á que lle corresponden as funcións contidas no apartado 1.a) anterior.

b.- Intervención-Tesorería, á que lle corresponden as funcións contidas no apartado 1.b).

c.- Secretaría-Intervención, á que corresponden as funcións contidas nos apartados 1.a) e 1.b)”.

Visto que con data 14 de outubro do 2015, polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Dirección Xeral da Función Pública - Secretaría do Estado e Administracións Públicas, remite escrito sobre *“Criterios sobre a aplicación da modificación do artigo 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réximen Local, efectuada polo Real Decreto-Lei 10/2015, de 11 de setembro”.*

Visto que o mencionado escrito ponse de manifesto, entre outras cousas, que *“Esta modificación implica que desde a entrada en vigor do Real Decreto-Lei (13 de setembro*

do 2015), os funcionarios pertencentes á Subescala de Secretaría-Intervención teñen atribuídas por igual as funcións de secretaria, comprensivas da fe pública e o asesoramento legal preceptivo, de control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e presupuestaria, e de contabilidade, tesourería y recaudación, non podendo ser desempeñadas estas funcións por Concelleiros”.

En atención ao exposto e de acordo co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réximen Local.

RESOLVO.

PRIMEIRO.- Ordenar a asunción das funcións propias do cargo de Tesoureiro do Concello de As Somozas, a partir da data do presente Decreto, por parte de D. ARTURO ANDRÉS BLANCO VELOSO, con DNI nº 32409243N, Secretario-Interventor do Concello de As Somozas

SEGUNDO.- Comunicar este acordo ao interesado, así como as entidades bancarias coas que esta Corporación teña contas bancarias ós efectos do recoñecemento da sinatura

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno do Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre.”

A Corporación dase por enterada.

IXº.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO PARQUE EÓLICO SINGULAR MONTE DAS AUGAS.-Dase conta do escrito da mercantil PARQUE EÓLICO MONTE DAS AUGAS S.L, presentado nestas oficinas con data 29/12/2015, solicitando a modificación da cláusula 3c)do contrato de concesión da xestión e explotación do Parque Eólico Montes das Augas modificada.

A Corporación, tras breve intercambio de opinións, por unanimidade acorda:



Modificar o Contrato de Concesión do Parque eólico Singular Monte das Augas S.L. ,suscrito entre o Concello de As Somozas e Parque Eólico Monte das Augas con data 6 de febreiro de 2007, eliminando o apartado c) da estipulación terceira e quedando éste redactado como segue:

C) A partir do 6 ano e ata o tercer trimestre do 2013, abonará o 20% da facturación anual con un mínimo de 100.000,00 euros anuais (exceptuando para a aplicación deste límite o ano 2013). A partires do 1 de xaneiro de 2015, abonará a cantidade de 35.000,00 euros anuais. Este Canon variable deberá abonarse o Concello trimestralmente, e dentro dos 30 días seguintes ao trimestre vencido, posteriormente á recepción da correspondiente factura emitida polo Concello, que deberá ser recibida a menos con 15 días de antelación a esta data. Para as liquidacións comprendidas entre o 6º ano e o ano 2013, o concesionario enviará a facturación trimestral da concesión, e unha vez aprobada polo órgano municipal competente, será cando éste emita a correspondinte factura.

Xº.-ROGOS E PREGUNTAS.-Non se formularon.

E non habendo máis asuntos de que tratar que os comprendidos na orde do día, dase por rematada a sesión sendo as trece horas trinta e cinco minutos , do que, como Secretario dou fé.

Vº e Br.
O alcalde.



Asdo./ Juan Alonso Tembrás.



Asdo.: Arturo A. Blanco Veloso